



Concello de Oza-Cesuras

EDICTO

OFERTA PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER URXENTE DUN PEÓN DE VIXIANCIA E DEFENSA CONTRAINCENDIOS FORESTAIS ATA O 29 DE NOVEMBRO DE 2021.

-REQUISITOS DO CANDIDATO/A:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas que condicións que establece o artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as persoas españolas.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso. Os aspirantes con alguna discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas para que poidan concorrer en igualdade de condicións co resto dos aspirantes. Neste caso, aplicarase o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño (BOE do 13 de xuño de 2006), pola que se establecen os criterios para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade ou norma que no futuro a substitúa. Para estes efectos, os tribunais poderán requirir informes ou a colaboración doutros órganos administrativos ou da Administración sanitaria.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, agás que por lei se estableza outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público de que se trate.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do Certificado de Escolaridade, equivalente ou superior.

f) Posuír o carné de conducir tipo B.





Concello de Oza-Cesuras

PLAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Dentro das 48 horas contadas dende a publicación do presente acordo na páxina web ata ás 13:45 h. do 02/09/2021.

PROCESO SELECTIVO:

Consistirá na realización das seguintes probas:

1º.- Proba oral, puntuable cun máximo de 10 puntos, que terá como finalidade avaliar os coñecementos do posto de traballo. A falta de presentación á proba oral suporá a exclusión inmediata do candidato do proceso selectivo.

2º.- Proba médica: terá un resultado apto/non apto. Realizaranse os análisis e controis establecidos. No caso de resultar non apto, suporá a exclusión inmediata do proceso.

No caso de que non se presenten máis solicitudes que prazas non será necesario a realización do citado proceso selectivo.

En Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Asdo.- José Pablo González Cacheiro

